



Formación do profesorado de prácticas no López Ferreiro

Enviado por [admin](#) [1] o Mar, 11/26/2024 - 10:28
[Curso 24_25](#) [2]

O CEIP López Ferreiro aposta pola formación do alumnado que desenvolve as prácticas no centro.

A docente María Cortizo está a achegarlles, en varias sesións formativas, información relevante ao respecto da normativa, das aplicacións de uso docente, dos programas que oferta a consellería,.. e que suporán un complemento á experiencia de aula desenvolvida nas súas prácticas.

FORMACIÓN ALUMNADO PRÁCTICAS

SESIÓN 1: 5 de novembro. ORGANIZACIÓN E ESTRUTURA DO CENTRO

- Marco lexislativo: Decreto 374/1996 e Orde do 22 de xullo de 1997
- Denominación do centro: CEIP, CEP, CRA, CPL...
- Órganos de goberno: unipersoais e colexiados
- Órganos de coordinación docente
- Principais documentos do centro: PEF, PXA, NOFC...
- Horarios: elaboración e aprobación, do alumnado, do profesorado, lectivos/non lectivos...

SESIÓN 2: 12 de novembro. A TITORÍA

- Marco lexislativo: art. 19 do Decreto 155/2022, art. 5 da Orde do 26 de maio de 2023, Orde do 12 de abril de 2024, art. 91 da LOMLOE, art. 81 do Decreto 374/1996.
- XADE
- A xestión directa da aula: espazos, agrupamentos, temporalización...
- Programacións didácticas: PROENS, áreas e a súa estrutura, temporalización, seguimento, horarios...
- A xestión da comunicación coas familias: horarios de atención, ferramentas da consellería (abalar, email), reunión inicial, titorías individuais, estratexias para unha comunicación fluída e positiva, acollemento a familias con nenos/as con necesidades e/ou en situación de vulnerabilidade
- Funcións e responsabilidades da titoría para coa totalidade da comunidade educativa dende a función pública, ética e compromiso individual como axentes imprescindibles ao servizo dos dereitos da infancia

SESIÓN 3: 19 de novembro. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Marco lexislativo: Decreto 229/2011, Orde do 8 de setembro de 2021, DRDADI
- Os servizos de orientación: Departamento de orientación, profesorado de PT e AL, RAOGAL, EOE...
- Medidas ordinarias e extraordinarias
- Protocolos
- A xestión da atención á diversidade na aula: enfoque DUA
- A cohesión grupal e a integración efectiva do alumnado NEAE na aula

SESIÓN 4: 26 de novembro. PROGRAMAS E PLANS DA CONSELLERÍA

- Plan LÍA e Setestrello (PLAMBE, Biblioteca creativa, Clubs de Lectura, Radio na Biblio...)
- Edudixital 2030: E-dixgal, Polos Creativos, CDD...
- PROA+, Plans Proxecta, PiE, Innova-Lab...
- Fprofe e PFPF: a importancia da formación permanente e do intercambio de experiencias

SESIÓN 5: 3 de decembro. AVALIACIÓN

- Marco lexislativo: Recomendacións do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018, Decreto 155/2022, Orde do 26 de maio de 2023, Decreto 229/2011 e Orde do 8 de setembro de 2021.
- Marco de referencia: PXA e Programacións didácticas
- Avaliación inicial
- Técnicas e instrumentos de avaliación
- Sesións de avaliación: temporalización, obxectivos, asistentes, actas...
- Cualificacións (áreas e competencias), XADE
- Avaliación da práctica docente

[3]

Adxunto **Tamaño**
[formación practicas.pdf](#) [3] 187.05 KB



Feito con Drupal (ver. 6.28)



Proxecto Webs dinámicas

Xunta de Galicia - Consellería de Educación, 2013

Source URL: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/node/634>

Links:
[1] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/user/2>
[2] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/taxonomy/term/89>
[3] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/system/files/formaci%C3%B3n%20practicas.pdf>